

8 Marzo

Paramos as clases contra o machismo



Sindicato de
Estudiantes

de 12h a 13h paros e concentracións no teu instituto e facultade

Querémonos vivas LIBRES e combativas



 @se_compostela
Sindicato De Estudiantes Galiza
Compostela: 622 481 994
· Ferrol: 640 255 027
· Coruña: 634 406 330
· Vigo: 630 431 613

O próximo 8 de marzo numerosos colectivos e movementos de mulleres chamaron a unha folga xeral mundial contra a violencia machista e en defensa dos nosos dereitos. Ao longo e ancho do mundo vimos nos últimos meses como millóns de mulleres se mobilizaron con este obxectivo: as multitudinarias marchas contra Trump en EEUU e o seu discurso misóxino, racista e homóforo; en Polonia contra o intento do goberno de dereitas de prohibir o dereito ao aborto ou en Latinoamérica, onde millóns de mulleres encheron as rúas das principais cidades co lema Querémonos vivas, nin unha menos!

A crise do capitalismo golpeou duramente as condicións de vida da clase traballadora, pero dentro dela, a mocidade e as mulleres levámonos a peor parte. O capitalismo condénanos ás mulleres a unha vida de precariedade con peores salarios e condicións laborais, a sufrir dobremente as consecuencias das políticas da dereita e os seus recortes, a liderar os datos de desemprego, ou a que se cargue sobre os nosos ombreiros o traballo que deberían cubrir os servizos sociais como o coidado de enfermos, maiores e nenos. Tamén nos condena a sufrir as consecuencias últimas dun sistema que nos nega a independencia económica e a igualdade: a lacra da violencia machista. Só nos últimos sete anos 796 mulleres foron asasinadas no Estado español e cada 8 horas prodúcese unha denuncia por violación.

Por suposto, o goberno do PP chora bágoas de crocodilo cando se producen estes asasinatos, pero son eles coas súas leis, cos seus recortes en educación, en sanidade, en atención á dependencia, coas súas reformas laborais e a súa ideoloxía reaccionaria e clerical, os que crean o caldo de cultivo para que esta violencia machista se estenda. A dereita sempre foi un adversario declarado dos dereitos da muller!

Nós non nos resignamos a vivir unha vida de opresión e desigualdade. Rebelámonos contra este sistema e este goberno que llexitima a violencia contra nós a través da organización e a mobilización nas rúas igual que fan as Espartanas de CocaCola en Loita, as mulleres da PAH ou as kellys.

O próximo 8 de marzo, día internacional da muller traballadora, **dende o Sindicato de Estudiantes chamamos a parar as clases de 12:00h a 13:00h**, para dicir xa abonda á violencia machista e en defensa dos nosos dereitos como mulleres! Contra os gobernos de dereitas que alentan o machismo e a nosa opresión!

Chamamos a todos os nosos compañeiros nas aulas a que participen activamente nesta loita xunto a nós e a saír masivamente ás manifestacións que terán lugar ese mesmo día pola tarde. Todas e todos xuntos, mobilizándonos, podemos lograr a sociedade que queremos: sen discriminación, desigualdade nin violencia machista, con dereitos, dignidade e liberdade.

Únete a Libres e combativas!